



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA VINTE E SEIS DE XANEIRO DE 2023 CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Tenentes de Alcalde:	D. MANUEL COSTA CARNEIRO D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
Vogais:	D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ COUTO D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ
SECRETARIO:	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e trinta e cinco minutos do día vinte e seis de xaneiro de dous mil vinte e tres, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, réunese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (28/12/2022).

Dáse conta da acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e oito de decembro do ano pasado, que logo de facer a emenda que deseguido se indica, apróbase por unanimidade dos asistentes

No punto 6º.- **Outros asuntos.**

Onde di “Non se presentan”, debe dicir:

“6º.- Acordo de solicitude á Deputación Provincial do Programa de financiamento dos servizos sociais comunitarios do ano 2023 (FOPPSS/2023).

Dáse conta das Bases Reguladoras do Programa de financiamento dos servizos sociais comunitarios municipais no ano 2023, aprobadas por Resolución núm. 50209 da Presidencia da Deputación Provincial, de 30 novembro de 2022.

A Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aceptar as bases da convocatoria do Programa de financiamento dos servizos sociais comunitarios municipais no ano 2023, así como os compromisos e obrigas que nelas se inclúen.

Segundo.- Adherirse ao Programa de financiamento dos servizos sociais comunitarios municipais no ano 2023, de acordo coas bases do programa e co detalle que se recolle no seguinte orzamento:



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



A. DETALLE ORZAMENTO E FINANCIAMENTO MÓDULOS I, II E III

Módulo e persoal subvencionado	Natureza da súa vinculación laboral	Tipo de xornada	Orzamento (Retrib. Brutas e seguros sociais)	Achega Xunta	Outras achegas	Achega Deputación SOLICITADA	Achega municipal
Módulo I. Persoal administrativo (C1 ou C2)	FUNCIÓNARIA	COMPLETA	27.000,00 €			18.000,00 €	9.000,00 €
Módulo I. Persoal administrativo (C1 ou C2)							0,00 €
Módulo I. Persoal administrativo (C1 ou C2)							0,00 €
Módulo II Técnico A2	LABORAL INDEFINIDO	COMPLETA	45.000,00 €			22.000,00 €	23.000,00 €
Módulo II Técnico A2							0,00 €
Módulo II Técnico A2						0,00 €	0,00 €
Módulo III Técnico A1							0,00 €
Módulo III Técnico A1							0,00 €
Módulo III Técnico A1							0,00 €
TOTAL SOLICITADO MÓDULOS I, II e III =						40.000,00 €	
Total orzamento			72.000,00 €	Total financiamento			72.000,00 €

B. DATOS DA SOLICITUDE DO MÓDULO IV PARA O FINANCIAMENTO DO SAF LIBRE CONCORRENCIA

DATOS DO CONCELLO QUE FIGURAN NA BASE 13

Horas de servizo que figura na base 13 da convocatoria	5191,21
Importe da achega para o SAF BÁSICO libre concorrencia que figura na base 13 da convocatoria	62.294,52 €

PREVISIÓN DA EXECUCIÓN DO SERVIZO SAF LIBRE CONCORRENCIA

Horas que se preven prestar no SAF BÁSICO libre concorrencia	5191,21
Incremento de horas sobre as que figuran na base 13	
Redución de horas respecto ás previstas nas bases da convocatoria	

IMPORTE SOLICITADO MÓDULO IV	62.294,52 €
IMPORTE MÍNIMO A CONCEDER MÓDULO IV	62.294,52 €

C. TOTAL ACHEGA SOLICITADA FOPPSS/2023 (A+B)	102.294,52 €
---	---------------------

”

2º.- Instancias de obras de particulares e comunicacións previas.

2.1.- Instancia de dona Mercedes Moure Vilanova. (Expediente. número 2022/U018/000002)

Dáse conta da citada instancia na que a interesada solicita licenza para parcelamento de finca en Neira de Arriba - Ribadulla (San Mamede), en seis parcelas resultantes, de acordo co proxecto técnico achegado asinado por José M. Pena Alonso en calidade de Enxeñeiro Técnico Agrícola e de data 28/10/2022.

A parcela atópase en solo cualificado polo Plan Xeral de Ordenación Municipal como De expansión dos núcleos rurais. N-2.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do informe dos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza para parcelamento da finca descrita no proxecto mencionado,



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



emprazada no lugar de Neira de Arriba - Ribadulla (San Mamede) nos termos do proxecto achegado e aprobar a liquidación das taxas correspondentes, xa ingresadas na tesouraría municipal, e que ascenderon á cantidade de trescentos sesenta euros (#360,00#).

Así mesmo, e á vista do disposto nos artigos 24 e 150 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, acéptase a cesión de terreos nos termos do disposto na documentación achegada para os efectos, e no plano do proxecto número 2.11, de 208 m² en dúas porcións: A e B, e que, previos os trámites oportunos, será incorporada ao inventario municipal de bens; debendo achegar escritura pública, inscrita no Rexistro da Propiedade correspondente, a favor do concello de Vedra e libre de cargas, na que se formalice a mencionada cesión.

2.2.- Instancia núm. 20219990000043 de Lauce Vergara Fernández SLU. (Expediente núm. 2021/U022/000007)

Dáse conta da citada instancia na que dona María Dolores Blanco Pouso, en representación de Lauce Vergara Fernández SLU, solicita licenza para obras de construción de vivenda unifamiliar en Sarandón, 57 – Sarandón (San Miguel), (expediente núm.: 2021/U022/000007), en solo cualificado como “De expansión dos núcleos rurais. N-2”, segundo o vixente PXOM, nos termos da documentación técnica achegada asinada por María Dolores Blanco Pouso, en calidade de arquitecta, coas seguintes características: ocupación máxima inferior ao 30% da parcela neta. Número de plantas: baixa. Altura máxima de cornixa: menor a 7,00 m. un coeficiente inferior a 0,30 m² de superficie edificable baixo teito por cada m² de parcela neta. Presuposto de execución material de 134.400,27, e que cumpre, dende o punto de vista técnico, o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal deste concello de Vedra.

As actuacións solicitadas executaranse sobre da parcela con referencia catastral: 15090A506007850001SQ.

Dáse conta tamén da autorización de Augas de Galicia “DH.W15.77685 Expediente: Autorización das obras previstas no documento titulado “Proyecto básico de vivienda unifamiliar aislada”, datado en decembro de 2020, dentro da zona de policía dun río innominado (idcurso 983640008982), na parcela coa referencia catastral 15090A506007850000AM, no lugar de Sarandón, parroquia de San Miguel de Sarandón (San Miguel), no t.m. de Vedra (A Coruña)”.

Dáse conta tamén da autorización outorgada pola Axencia Estatal de Seguridade Aérea en materia de servidumes aeronáuticas (AESA) no expediente E22-0460.

Dáse conta da resolución da Deputación Provincial de A Coruña (Servizo de Vías e Obras) de autorización para construír unha vivenda unifamiliar na DP-8901 A Gaiosa- Ponte de Sarandón, P.K. 3+295 marxe dereita. Expediente: 2021000046613.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do informe emitido polos servizos técnicos municipais e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

1º.- Antes do comezo das obras deberá presentar oficio de dirección de arquitecto técnico e coordinador de seguridade e saúde.

2º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

3º.- Executaranse conforme á documentación técnica achegada asinada por dona María Dolores Blanco Pouso de data 04/11/2022 número de visado 22061612.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



-En cumprimento do artigo 91 da Lei 2/2016 do solo de Galicia a cor a utilizar na fachada harmonizará coa contorna de maneira que favoreza a integración na contorna inmediata e na paisaxe.

-En cumprimento do artigo 24 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia deberá dotar á finca de abastecemento de auga de maneira que se garanta a execución deste e do sistema de eliminación de augas residuais de forma simultánea coa edificación; estando a licenza de primeira ocupación condicionada ao seu correcto funcionamento e ás preceptivas autorizacións de Augas de Galicia.

-A distancia mínima da fosa séptica e pozos filtrantes respecto dos lindeiros será de 3m, debendo gardar a distancia das aliñacións respecto das vías.

-Deberase proceder ao acondicionamento da zona de cesión para vías, que deberá quedar axardinada e coa mesma rasante que a vía. A rampla de acceso tamén deberá quedar ao mesmo nivel cá vía e deberase colocar por debaixo un tubo de sección mínima de 400mm para permitir o paso das augas da cuneta á que haberá que darlle continuidade.

4º.- Así mesmo, e á vista do disposto no artigo 24 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, acéptase a cesión de terreos nos termos do disposto na documentación achegada para os efectos, e no plano do proxecto número U-02, de 293,82 m² e que, previos os trámites oportunos, será incorporada ao inventario municipal de bens, debendo achegar previo ao inicio das obras escritura pública, inscrita no Rexistro da Propiedade correspondente, a favor do concello de Vedra e libre de cargas, na que se formalice a mencionada cesión. En todo caso a licenza de primeira ocupación estará condicionada ao cumprimento efectivo destes requisitos.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de dous mil seiscentos oitenta e oito euros con un céntimo (#2.688,01#).

2.3.- Instancia núm. 202299900000524 de don Salvador Mora García e dona Eva María Otero López (Expediente número 2022/U022/000023)

Dáse conta da citada instancia na que os interesados, solicitan licenza para obras de construción de vivenda unifamiliar de planta baixa e piscina en Vilarpiñeiro, 19 - Trobe (San Andrés), (expediente núm.: 2022/U022/000023), en solo cualificado como “De expansión dos núcleos rurais. N-2”, segundo o vixente PXOM, nos termos da documentación técnica achegada asinada por don José Vicente Rodríguez Pagán e don Daniel López Ayuso, en calidade de arquitectos, sendo don Javier Jove Pose o arquitecto-técnico e coordinador de seguridade e saúde, coas seguintes características: ocupación máxima inferior ao 30% da parcela neta. Número de plantas: baixa. Altura máxima de cornixa menor a 7,00 m. e un coeficiente inferior a 0,30 m² de superficie edificable baixo teito por cada m² de parcela neta. O orzamento de execución material ascende á cantidade de 141.700,00 euros e cumpre, dende o punto de vista técnico, o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal deste concello de Vedra.

As actuacións solicitadas executaranse sobre da parcela con referencia catastral: 15090A50510497.

Dáse conta tamén da resolución de Augas de Galicia do expediente DH.B15.83975 para recoñecerlle aos solicitante o dereito ao uso privativo do seguinte aproveitamento: número de pozos: 1. Dáse conta tamén da solicitude de autorización de vertido presentada ao órgano autonómico competente.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do informe emitido polos servizos técnicos municipais e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

2º.- Executaranse conforme á documentación técnica achegada asinada por don José Vicente Rodríguez Pagán e don Daniel Gómez Ayuso con número de visado 2206389,2 de data 18/11/2022.

En cumprimento do artigo 91 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia a cor a utilizar na fachada harmonizará coa contorna de maneira que favoreza a integración na contorna inmediata e na paisaxe.

En cumprimento do artigo 24 da Lei 2/2016 do solo de Galicia deberá dotar á finca de abastecemento de auga de maneira que se garanta a execución deste, e do sistema de eliminación de augas residuais de forma simultánea coa edificación, estando a licenza de primeira ocupación condicionada ao seu correcto funcionamento.

A distancia mínima da fosa séptica e pozos filtrantes respecto dos lindeiros será de 3m, debendo gardar a distancia das aliñacións respecto das vías.

Deberase proceder ao acondicionamento da zona de cesión para vías, que deberá quedar axardinada e coa mesma rasante que a vía. A rampla de acceso tamén deberá quedar ao mesmo nivel cá vía e deberase colocar por debaixo un tubo de sección mínima de 400 mm para permitir o paso das augas da cuneta á que haberá que darlle continuidade.

3º.- Así mesmo, e á vista do disposto no artigo 24 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, acéptase a cesión de terreos nos termos do disposto na documentación achegada para os efectos, e no plano do proxecto básico número 02, de 72,09 m² e que, previos os trámites oportunos, será incorporada ao inventario municipal de bens, debendo achegar previamente ao inicio das obras escritura pública, inscrita no Rexistro da Propiedade correspondente, a favor do concello de Vedra e libre de cargas, na que se formalice a mencionada cesión. En todo caso a licenza de primeira ocupación estará condicionada ao cumprimento efectivo destes requisitos.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de dous mil oitocentos trinta e catro euros (#2.834,00#).

2.4.- Instancia núm. 202299900000825 de Unión Fenosa Distribución, S.A –Gas Naturgy UFD (Expediente número 2022/U022/000029)

Dáse conta da citada instancia na que dona Ana María Salgado López, en representación de UFD Distribución Electricidad S.A, solicita licenza para obras de subministración eléctrica de 9,2 kw para vivenda mediante liña subterránea de baixa tensión con inicio en paso aéreo subterráneo e final na CPM do solicitante, tres metros de canalización. RBT BAZAR. SGD 61852201018 en Bazar - Trobe (San Andrés) (expediente núm.: 2022/U022/000029), en solo cualificado polo vixente PXOM como Dos núcleos rurais N-1, e nos termos do proxecto técnico achegado asinado por don Alejandro Fernández Reza, en calidade de Graduado Enxeñería Eléctrica, cun orzamento provisional de 574,22 euros.

Dáse conta tamén da autorización outorgada mediante Resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de data 14/09/2022 do (Expediente: 1118/22), para as actuacións solicitadas, ao tratarse dunha intervención no ámbito dun edificio catalogado polo vixente PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do informe emitido polos servizos técnicos municipais e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda conceder a licenza solicitada de obra e ocupación do dominio público, debendo axustarse ás seguintes condicións:



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

2º.- As obras axustaranse ás seguintes condicións: executaranse conforme á documentación técnica achegada de data 24/03/2022.

3º.- Por tratarse dun uso común especial do dominio público e suxeito a licenza, deberá terse en conta o disposto nos artigos 3, 74 e seguintes do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos preceptos de carácter xeral; adecuándose á información gráfica que foi presentada. As licenzas outórganse directamente “salvo que por calquera circunstancia se limitara o número das mesmas, en cuxo caso outorgaranse por licitación”, circunstancia que non concorre no expediente ao que se refire o presente acordo.

Así mesmo teranse en conta as seguintes condicións: a autorización non é transmisíble. Poderá ser revocada unilateralmente en calquera momento por razóns de interese público sen xerar indemnización cando resulten incompatibles coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral. O interesado asume a responsabilidade derivada da ocupación; acepta a revogación unilateral, sen dereito a indemnizacións, por razóns de interese público nos supostos previstos no apartado 4 do artigo 92 da LPAP.

Dáse conta de que se constituíu garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública con rexistro de entrada neste concello número 20219990000122 de data 03/03/2021.

Así mesmo deberase garantir a circulación do tráfico de vehículos e persoas sinalizando correctamente as obras.

As actuacións solicitadas executaranse en condicións de seguridade e no menor tempo posible, de cara a minimizar as molestias aos usuarios da vía, sen que poida interromperse o tráfico rodado.

4º.- Aprobar a liquidación provisional do imposto municipal que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#)

2.5.- Instancia núm. 202299900001065 de Unión Fenosa Distribución, S.A -Gas Naturgy UFD (Expediente número 2022/U022/000034)

Dáse conta da citada instancia na que dona Ana María Salgado López, en representación de UFD Distribución Electricidad, S.A, solicita licenza para obras de “subministro eléctrico de 9,2 kW para vivenda unifamiliar, liña subterránea de baixa tensión con inicio en paso aéreo subterráneo e final na CPM solicitante, canalización de 39 metros, SGD: 618522090158” en Angustín - Ribadulla (San Mamede), (expediente núm.: 2022/U022/000034), nos termos do proxecto técnico achegado asinado por don Alejandro Fernández Reza, en calidade de enxeñeiro industrial, cun orzamento provisional de 5.885,11 euros.

Dáse conta tamén do expediente Clave: DH.W15.89015 Expediente: Declaración responsable para actuacións menores – RW1 - RBT en Angustín nº 5 (Vedra). Expediente N° UD618522090158, da que tomou coñecemento Augas de Galicia con data do 22/11/2022.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do informe emitido polos servizos técnicos municipais e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros,



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



acorda conceder a licenza solicitada de obra e ocupación do dominio público, debendo axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

2º.-. As obras axustaranse ás seguintes condicións: executaranse conforme á documentación técnica achegada de data 15/11/2022.

3º.- Por tratarse dun uso común especial do dominio público e suxeito a licenza, deberá terse en conta o disposto nos artigos 3, 74 e seguintes do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos preceptos de carácter xeral; adecuándose á información gráfica que foi presentada. As licenzas outórganse directamente “salvo que por calquera circunstancia se limitara o número das mesmas, en cuxo caso outorgaranse por licitación”, circunstancia que non concorre no expediente ao que se refire o presente acordo.

Así mesmo teranse en conta as seguintes condicións: a autorización non é transmisíble. Poderá ser revocada unilateralmente en calquera momento por razóns de interese público sen xerar indemnización cando resulten incompatibles coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral. O interesado asume a responsabilidade derivada da ocupación; acepta a revogación unilateral, sen dereito a indemnizacións, por razóns de interese público nos supostos previstos no apartado 4 do artigo 92 da LPAP.

Dáse conta de que se constituíu garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública con rexistro de entrada neste concello número 202199900000122 de data 03/03/2021.

Así mesmo deberase garantir a circulación do tráfico de vehículos e persoas sinalizando correctamente as obras.

As actuacións solicitadas executaranse en condicións de seguridade e no menor tempo posible, de cara a minimizar as molestias aos usuarios da vía, sen que poida interromperse o tráfico rodado.

4º.- Aprobar a liquidación provisional do imposto municipal que ascende á cantidade de cento dezasete euros con setenta céntimos (#117,70#)

2.6.- Instancia núm. 202399900000011 de Unión Fenosa Distribución, SA -Gas Naturgy –UFD (Expediente número 2023/U022/000001)

Dáse conta da citada instancia na que dona Ana María Salgado López, en representación de UFD Distribución Electricidad, S.A, solicita licenza para obras de subministración eléctrica a vivenda de 9,2kw, liña de baixa tensión subterránea con inicio en PAS sobre apoio existente e finalización na CPM do solicitante, canalización de 1 metro de lonxitude, RBT - LG Galegos, s/n (Vedra) con SGD 618522090202. en Galegos –Vilanova (San Pedro) (expediente núm.: 2023/U022/000001), en solo cualificado polo vixente PXOM como De expansión dos núcleos rurais. N-2, e nos termos da documentación técnica achegada asinada por don Alejandro Fernández Reza , en calidade de Enxeñeiro Industrial, cun orzamento provisional de 560,81 euros.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do informe emitido polos servizos técnicos municipais e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros,



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



acorda conceder a licenza solicitada de obra e ocupación do dominio público, debendo axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

2º.- As obras axustaranse ás seguintes condicións: executaranse conforme á documentación técnica achegada de data 26/12/2022.

3º.- Por tratarse dun uso común especial do dominio público e suxeito a licenza, deberá terse en conta o disposto nos artigos 3, 74 e seguintes do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos preceptos de carácter xeral; adecuándose á información gráfica que foi presentada. As licenzas outórganse directamente “salvo que por calquera circunstancia se limitara o número das mesmas, en cuxo caso outorgaranse por licitación”, circunstancia que non concorre no expediente ao que se refire o presente acordo.

Así mesmo teranse en conta as seguintes condicións: a autorización non é transmisíble. Poderá ser revocada unilateralmente en calquera momento por razóns de interese público sen xerar indemnización cando resulten incompatibles coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral. O interesado asume a responsabilidade derivada da ocupación; acepta a revogación unilateral, sen dereito a indemnizacións, por razóns de interese público nos supostos previstos no apartado 4 do artigo 92 da LPAP.

Dáse conta de que se constituíu garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública con rexistro de entrada neste concello número 202199900000122 de data 03/03/2021.

Así mesmo deberase garantir a circulación do tráfico de vehículos e persoas sinalizando correctamente as obras.

As actuacións solicitadas executaranse en condicións de seguridade e no menor tempo posible, de cara a minimizar as molestias aos usuarios da vía, sen que poida interromperse o tráfico rodado.

4º.- Aprobar a liquidación provisional do imposto municipal que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#)

2.7.- Autorización de ocupación do dominio público. (Expediente número 2022/U026/000089)

Dáse conta do expediente municipal número 2022/U026/000089 tramitado a instancias de Tomás Rodríguez Lizana en representación de Telefónica de España, S.A. (Barcelona) para instalación de tres postes de fibra de vidro 8 -FVA- 250 en vía pública - Ref. 8322194 - 3608211 en Trasariz de Abaixo - Vedra, nos termos da documentación técnica achegada de data 30/08/2022 e número de proxecto 8322194 . As actuacións supoñen unha ocupación de terreos de dominio público.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente , acorda:

PRIMEIRO.- Outorgar a licenza de uso común especial para as actuacións descritas na documentación técnica achegada sinalada asinada por Alfonso Goday Otero en calidade de enxeñeiro técnico industrial.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Telef. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



Por tratarse dun uso común especial do dominio público e suxeito a licenza, deberá terse en conta o disposto nos artigos 3, 74 e seguintes do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos preceptos de carácter xeral, adecuándose á información gráfica que foi presentada. As licenzas outórganse directamente “salvo que por calquera circunstancia se limitara o número das mesmas, en cuxo caso outorgaranse por licitación”, circunstancia que non concorre no expediente ao que se refire o presente acordo.

Así mesmo teranse en conta as seguintes condicións: a autorización non é transmisíbel. Poderá ser revocada unilateralmente en calquera momento por razóns de interese público sen xerar indemnización cando resulten incompatibles coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral. O interesado asume a responsabilidade derivada da ocupación; acepta a revogación unilateral, sen dereito a indemnizacións, por razóns de interese público nos supostos previstos no apartado 4 do artigo 92 da LPAP.

Deberá constituírse garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública, estando condicionado o inicio das actuacións ao cumprimento da mesma.

Así mesmo deberase garantir a circulación do tráfico de vehículos e persoas sinalizando correctamente a obras. As actuacións solicitadas executaranse en condicións de seguridade e no menor tempo posible, de cara a minimizar as molestias aos usuarios da vía, sen que poida interromperse o tráfico rodado.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo aos interesados no expediente.

2.8.- Autorización de ocupación do dominio público. (Expediente número 2022/U026/000090)

Dáse conta do expediente municipal número 2022/U026/000090 tramitado a instancias de Tomás Rodríguez Lizana en representación de Telefónica de España, S.A. (Barcelona) para instalación de 2 postes de fibra de tipo 8-FVA. Ref. 8400916 - 3683439 en Silvaoscura - Sales (San Fins), nos termos da documentación técnica achegada, asinada por Alfonso Goday Otero en calidade de enxeñeiro técnico industrial, número de proxecto 8400916. As actuacións supoñen unha ocupación de terreos de dominio público.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente, acorda:

PRIMEIRO.- Outorgar a licenza de uso común especial para as actuacións descritas na documentación técnica achegada sinalada e de data 02/11/2022.

Por tratarse dun uso común especial do dominio público e suxeito a licenza, deberá terse en conta o disposto nos artigos 3, 74 e seguintes do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos preceptos de carácter xeral, adecuándose á información gráfica que foi presentada. As licenzas outórganse directamente “salvo que por calquera circunstancia se limitara o número das mesmas, en cuxo caso outorgaranse por licitación”, circunstancia que non concorre no expediente ao que se refire o presente acordo.

Así mesmo teranse en conta as seguintes condicións: a autorización non é transmisíbel. Poderá ser revocada unilateralmente en calquera momento por razóns de interese público sen xerar indemnización cando resulten incompatibles coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral. O interesado asume a responsabilidade derivada da ocupación; acepta a revogación unilateral, sen dereito a indemnizacións, por razóns de interese público nos supostos previstos no apartado 4 do artigo 92 da LPAP.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Telef. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.gal



Deberá constituírse garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública, estando condicionado o inicio das actuacións ao cumprimento da mesma.

Así mesmo deberase garantir a circulación do tráfico de vehículos e persoas sinalizando correctamente a obras. As actuacións solicitadas executaranse en condicións de seguridade e no menor tempo posible, de cara a minimizar as molestias aos usuarios da vía, sen que poida interromperse o tráfico rodado.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo aos interesados no expediente

2.9.- Comunicación de obra de don Juan Manuel Guerra Neira. (Expediente número 2022/U026/000092)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por don Juan Manuel Guerra Neira para substitución de azulexado e pavimentos existentes en parede de cociña .

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 2460105NH4326S0001QS, emprazada en Avenida M. M. Gómez, 34-1ºB, en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como Residencial de baixa densidade en tipoloxía mixta. U-1, e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cento vinte e dous euros con once céntimos (#122,11#).

2.10.- Comunicación de obra de don Jesús Parada Barcia. (Expediente número 2022/U026/000093)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por don Jesús Parada Barcia para construción de peche de parcela de 23 metros de largo na parte posterior, con base de bloque de 1,50 metros de alto, revestido e pintado, e postes e arame ata unha altura total de 1,80 metros.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 15090F50100010, emprazada en Romarís – San Xián de Sales, en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como De expansión dos núcleos rurais N-2, e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

2.11.- Comunicación de obra de don José Manuel Costa Regueira. (Expediente número 2022/U026/000102)



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por don José Manuel Costa Regueira para instalación solar fotovoltaica de 5,395KWP con baterías nos termos da documentación técnica achegada.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 15090B50200639, emprazada en Nande, 68 – Sales (San Fins), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como De expansión dos núcleos rurais. N-2, e cun prazo de execución de 6 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación técnica achegada que consta no expediente e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de douscentos vinte e catro euros con noventa e cinco céntimos (#224,95#).

2.12.- Instancia núm. 202399900000032 de Unión Fenosa Distribución, S.A -Gas Naturgy – UFD (Expediente núm. 2023/U022/000003)

Dáse conta da citada instancia na que dona Ana María María Salgado López, en representación de UFD Distribución Electricidad, S.A, solicita licenza para obras de substitución de liña eléctrica existente por un novo tramo de liña de baixa tensión subterránea con inicio no paso de aérea a subterráneo e finalización en apoio proxectado cunha canalización de 190 metros, SGD 618521029049 en Pousada de Abaixo - Vedra (expediente núm.: 2023/U022/000003), en solo cualificado polo vixente PXOM como De núcleo rural. N-1 e N-3, e nos termos do proxecto técnico achegado asinado por don Antonio Javier Sabín Vázquez, en calidade de enxeñeiro industrial, cun orzamento provisional de 24.105,47 euros.

Dáse conta tamén da autorización outorgada mediante Resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de data 30/12/2022 (expediente: 2330/22), para as actuacións solicitadas, ao tratarse dunha intervención nun ámbito catalogado polo vixente PXOM.

Dáse conta tamén da autorización da Deputación Provincial de A Coruña, Servizo de Vías e Obras, Expediente: 2022000041345, por afección da DP-1202 – Trobe a Mesón de Mareque por Vedra, P.K. 1+965 marxe esquerda.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda conceder a licenza solicitada de obra e ocupación do dominio público, debendo axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

2º.- As obras axustaranse ás seguintes condicións: executaranse conforme á documentación técnica achegada asinada por Javier Sabín Vázquez, de data 21/07/2022, e ao contido das autorizacións sectoriais emitidas.

Por tratarse dun uso común especial do dominio público e suxeito a licenza, deberá terse en conta o disposto nos artigos 3, 74 e seguintes do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de



bens das entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos preceptos de carácter xeral, adecuándose á información gráfica que foi presentada. As licenzas outórganse directamente “salvo que por calquera circunstancia se limitara o número das mesmas, en cuxo caso outorgaranse por licitación”, circunstancia que non concorre no expediente ao que se refire o presente acordo.

Así mesmo teranse en conta as seguintes condicións: a autorización non é transmisíbel. Poderá ser revocada unilateralmente en calquera momento por razóns de interese público sen xerar indemnización cando resulten incompatíbeis coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral. O interesado asume a responsabilidade derivada da ocupación; acepta a revogación unilateral, sen dereito a indemnizacións, por razóns de interese público nos supostos previstos no apartado 4 do artigo 92 da LPAP.

Deberá constituírse garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública, estando condicionado o inicio das actuacións ao cumprimento da mesma.

Así mesmo deberase garantir a circulación do tráfico de vehículos e persoas sinalizando correctamente a obras. As actuacións solicitadas executaranse en condicións de seguridade e no menor tempo posible, de cara a minimizar as molestias aos usuarios da vía, sen que poida interromperse o tráfico rodado.

4º.- Aprobar a liquidación provisional do imposto municipal que ascende á cantidade de catrocentos oitenta e dous euros con once céntimos (#482,11#)

3º.- Comunicación responsable para funcionamento de furancho.

3.1.- Instancia de don Manuel López Carreira. (Expediente: 2023/U015/000001).

Dáse conta da declaración responsable, presentada por don Manuel López Carreira, para renovar o funcionamento dun establecemento dedicado a furancho no lugar de Ximonde, 1 – Sarandón (San Miguel). Referencia catastral: 002000400NH43C0001GR.

Vista a documentación que se achega e tendo en conta o disposto no Decreto 215/2012, do 31 de outubro, polo que se regulan os furanchos da Comunidade Autónoma de Galicia, a Xunta de Goberno Local toma coñecemento do declarado e nos termos da documentación achegada, debendo comunicar o peche do establecemento ao finalizar o período autorizado, sen que isto supoña baixa da actividade, e a nova apertura na tempada seguinte acompañando a seguinte documentación:

- Renovación do seguro de responsabilidade civil.
- Documentación acreditativa de ter realizado as declaracións obrigatorias do viño.
- Análise do viño da nova tempada e cantidade da que se dispón.

O novo período de apertura será do 01/02/2023 ao 01/05/2023. Así mesmo darase traslado da renovación aos órganos competentes en materia de turismo, medio rural e sanidade.

4º.- Acordo, se procede, sobre devolución de aval.

3.1.- Escrito núm. 202399900000033 de Obras y Viales de Galicia, S.L. (Expediente 2023/X002/000001)

Dáse conta do citado escrito no que don Luís A. García Gutiérrez, en representación de Obras y Viales de Galicia, S.L, solicita a devolución do aval constituído para responder da execución da



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Telef. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



obra *Acondicionamento de espazo verde público en Fontao*, incluída no Plan POS +Adicional 1/2019 (Plan único de concellos) (Código 19.2001.0612.0).

A citada obra foi recibida con data 01/12/2021, segundo consta no expediente (Expdte. núm. 2022/C003/000002)

Dáse conta así mesmo do informe favorable do técnico director das obras, don Fermín González Blanco.

Transcorrido o prazo de garantía de acordo co disposto no artigo 111 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro (LCSP), a Xunta de Goberno Local acorda proceder á devolución do citado aval.

5º.- Aprobación das bases reguladoras da convocatoria de subvencións para o desenvolvemento de actividades levadas a cabo por entidades sen ánimo de lucro no termo municipal de Vedra durante o ano 2023 (Expediente 2023/A002/000001)

Dáse conta da proposta de bases reguladoras da convocatoria de subvencións para actividades levadas a cabo por entidades sen ánimo de lucro no termo municipal durante o exercicio 2023.

De conformidade co establecido no artigo 23 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, en concordancia co artigo 56 do Regulamento, aprobado por Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, e nos artigos 21.1.f) e s) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local.

Proponse:

Primeiro.- Aprobar a convocatoria e as bases específicas para a concesión de subvencións para o desenvolvemento de actividades levadas a cabo por entidades sen ánimo de lucro no termo municipal durante o exercicio 2023, cuxo texto íntegro figura como anexo I.

Segundo.- Rexistrar a información a incluír na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) polos medios electrónicos que esta proporcione, que poñerá o extracto da convocatoria a disposición do Boletín Oficial da Provincia (BOP) para a súa publicación.

6º.- Dar conta de Resolucións da Alcaldía.

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía do pasado mes de decembro:

DECRETO	DATA	ASUNTO
878	01/12/2022	Aprobación e orde de pagamento da cantidade establecida no convenio de colaboración con Augas de Galicia para a obra de Saneamento das parroquias de San Mamede e Santa Cruz. Fase III, Anualidade 2022 (Importe: 115.000,00 euros)
879	01/12/2022	Adxudicación contrato de prestación de servizo de equipo de son e produción festivos (Programa Cultura na Nave). Fondos NexGenerationEU (Expdte. 2022/C002/000028)
880	01/12/2022	Reintegro importe non xustificado da subvención para a contratación de persoal (AEDL), por importe de 92,88 euros
881	01/12/2022	Concesión de axuda de emerxencia social a MDCS
882	01/12/2022	Altas no padrón municipal de habitantes
883	01/12/2022	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



		do servizo de inglés do mes de decembro
884	02/12/2022	Adxudicación contrato de <i>Estudo de radio e podcast</i> (Programa Cultura na Nave). Fondos NexGenerationEU (Expdte. 2022/C002/000029)
885	02/12/2022	Adxudicación contrato de <i>Comunicación</i> (Programa Cultura na Nave). Fondos NexGenerationEU (Expdte. 2022/C002/000030)
886	02/12/2022	Aprobación conta xustificativa da subvención concedida á A.C. San Campio, segundo convenio, e orde de pagamento
887	02/12/2022	Aprobación conta xustificativa da subvención concedida á A.C. do Ensino da Arte da Música (Escola de Música de Sta Cruz do Concello de Vedra), segundo convenio, e orde de pagamento
888	02/12/2022	Aprobación xustificantes de gastos vinculados a prestacións varias incluídas na relación de facturas F.2022.40 por importe de 145.331,77 euros
889	02/12/2022	Altas no padrón municipal de habitantes
890	02/12/2022	Altas no padrón municipal de habitantes
891	05/12/2022	Altas no padrón municipal de habitantes
892	07/12/2022	Adxudicación contrato de <i>Laboratorio de Ideas</i> (Programa Cultura na Nave). Fondos NexGenerationEU (Expdte. 2022/C002/000031)
893	09/12/2022	Altas no padrón municipal de habitantes
894	09/12/2022	Aprobación expediente modificación de créditos núm. 20/22 (Xeración vinculada á subvención do Plan Corresponsable)
895	09/12/2022	Aprobación expediente modificación de créditos núm. 21/22 (Xeración vinculada á subvención para a contratación de mulleres vítimas de violencia de xénero)
896	09/12/2022	Aprobación expediente modificación de créditos núm. 22/22 (Xeración vinculada á achega do programa Independenc by Culture no marco do Programa Erasmus+)
897	09/12/2022	Aprobación e orde de pagamento dos gastos de transporte aos participantes na modalidade realizada do 16 -21 de outubro a Italia no programa Independence by Culture (Erasmus+)
898	12/12/2022	Reincorporación á EIM de LMB logo da suspensión temporal
899	12/12/2022	Adxudicación do contrato de servizos de estudo e mapa de necesidades de conciliación e corresponsabilidade (Plan Corresponsables 2022) (Exp. 2022/C002/000038)
900	12/12/2022	Aprobación e orde de pagamento das nóminas correspondentes á paga extraordinaria de decembro
901	12/12/2022	Aprobación conta xustificativa e toma de razón en contabilidade da 1º certificación da obra de Mellora de Camiños en Ribeira, Silva de Abaixo e San Mamede (PMM 2022/2023)
902	13/12/2022	Cambio titularidade recibo da taxa do lixo da vivenda núm. 13 de Romarís –San Xián de Sales
903	13/12/2022	Cambio titularidade recibos taxa de lixo e sumidoiros da vivenda núm. 13 de Romarís – San Xián de Sales
904	13/12/2022	Cambio titularidade recibo da taxa do lixo da vivenda núm. 13 de Xián –San Pedro de Sarandón
905	14/12/2022	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do Programa Conxuga, modalidade de servizo de madrugadores, do mes de decembro
906	14/12/2022	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do Programa Conxuga, modalidade de servizo de ludoteca, do



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



		mes de decembro
907	14/12/2022	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo da EIM (concepto comedor) correspondente á mensualidade de novembro de 2022
908	14/12/2022	Altas no padrón municipal de habitantes
909	14/12/2022	Aprobación certificación núm. 2 da obra de <i>Ampliación da rede de sumidoiros en Quintáns –San Xián de Sales</i> (POS + 2021) e factura correspondente da empresa adxudicataria, Construcciones Caldevergazo, S.L, por importe de 42.000,65 euros
910	14/12/2022	Altas no padrón municipal de habitantes
911	15/12/2022	Suspensión temporal asistencia á EIM de GA
912	15/12/2022	Suspensión temporal asistencia á EIM de LIV
913	15/12/2022	Pago axuda de emerxencia social concedida a LGC
914	15/12/2022	Aprobación convocatoria e bases específicas das prazas incluídas na OEP extraordinaria do 2022 para a estabilización do emprego temporal do concello de Vedra (Lei 20/2021)
915	15/12/2022	Concesión de subvencións para a contratación de orquestras e apoio ás verbenas, festas populares levadas a cabo por entidades sen ánimo de lucro no ano 2022 (Convocatoria PEL – Concellos de Deputación)
916	16/12/2022	Altas no padrón municipal de habitantes
917	16/12/2022	Altas no padrón municipal de habitantes
918	16/12/2022	Altas no padrón municipal de habitantes
919	19/12/2022	Autorización redución xornada á traballadora municipal por garda legal de menores de 12 anos
920	16/12/2022	Altas no padrón municipal de habitantes
921	19/12/2022	Altas no padrón municipal de habitantes
922	20/12/2022	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo de cesión de uso de posto no Centro de Emprendemento A Estación do mes de decembro
923	20/12/2022	Recoñecemento trienios a persoal municipal
924	20/12/2022	Recoñecemento trienios a persoal municipal
925	20/12/2022	Altas no padrón municipal de habitantes
926	20/12/2022	Altas no padrón municipal de habitantes
927	20/12/2022	Modificacións no padrón municipal de habitantes
928	21/12/2022	Aprobación fondo de acción social 2º período de 2022
929	21/12/2022	Aprobación conta xustificativa dos gastos ocasionados en relación coa limpeza do CPI de Vedra durante o ano 2022 (Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Fegamp)
930	21/12/2022	Aprobación expediente modificación de créditos núm. 23/22 (Xeración vinculada á achega do convenio co Concello de Val do Dubra para a realización de tarefas de xestión económica do mes de novembro)
931	21/12/2022	Aprobación expediente modificación de créditos núm. 24/22 (Xeración vinculada á subvención para o proxecto europeo CERV TOWN denominado winEU.rur)
932	21/12/2022	Aprobación expediente modificación de créditos núm. 25/22 (Xeración vinculada á subvención para o proxecto de Cultura na Nave)
933	21/12/2022	Designación membros da Comisión Avaliadora das axudas para o estudo do concello de Vedra segundo bases reguladoras das



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



		mesmas
934	21/12/2022	Contratación de Aida Aldrey como monitora de tempo libre e servizos para a ludoteca municipal (Plan Corresponsables)
935	21/12/2022	Pagamento e ocupación parcela en Cibrán- San Xián de Sales (Proxecto de expropiación urbanística por procedemento de taxación conxunta dos terreos incluídos no sistema xeral SXP-3)
936	21/12/2022	Aprobación certificación núm. 9 e final da obra de <i>Sustitución de envolvente térmica del Pabellón Polideportivo de Vedra</i> (IDAE) e factura correspondente da empresa adxudicataria, Covisam Norte, S.L, por importe de 5.066,52 euros
937	21/12/2022	Aprobación certificación núm. 3 e final da obra de <i>Ampliación da rede de sumidoiros en Quintáns –San Xián de Sales</i> (POS + 2021) e factura correspondente da empresa adxudicataria, Construcciones Caldevergazo, S.L, por importe de 42.000,65 euros
938	21/12/2022	Aprobación certificación núm. 3 da obra de <i>Saneamento en Santa Cruz</i> (POS + Adicional 1/2022) e factura correspondente da empresa adxudicataria, Obras y Viales de Galicia, .SL, por importe de 35.049,90 euros
939	21/12/2022	Aprobación xustificantes de gastos vinculados a prestacións varias incluídas na relación de facturas F.2022.41 por importe de 264.303,82 euros
940	21/12/2022	Altas no padrón municipal de habitantes
941	21/12/2022	Altas no padrón municipal de habitantes
942	22/12/2022	Altas no padrón municipal de habitantes
943	22/12/2022	Aprobación e orde de pagamento das nóminas do mes de decembro
944	23/12/2022	Aprobación conta xustificativa da subvención concedida á Asociación Persoas Xordas de Santiago de Compostela, segundo convenio, e orde de pagamento
945	23/12/2022	Aprobación conta xustificativa da subvención concedida ao Club Olímpico de Vedra, segundo convenio, e orde de pagamento
946	23/12/2022	Aprobación conta xustificativa da subvención concedida á Asociación Senunpeso Producións, segundo convenio, e orde de pagamento
947	23/12/2022	Pago bonos alimentos aos supermercados
948	23/12/2022	Baixa Programa Conxuga, modalidade de ludoteca, de EEG
949	23/12/2022	Baixa Programa Conxuga, modalidade de ludoteca, de MEG
950	26/12/2022	Altas no padrón municipal de habitantes
951	26/12/2022	Aprobación actualización prezo base do SAF, modalidade libre concorrancia, anualidade 2023
952	26/12/2022	Alta SAF –Libre concorrancia de JCB
953	26/12/2022	Aprobación actualización copago/hora persoas usuarias do SAF-Libre concorrancia, anualidade 2023
954	27/12/2022	Presentación oferta de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia para a cobertura temporal dun posto de axudante de recollida de lixo, contrato de substitución a xornada completa, para substitución de vacacións e asuntos propios.
955	27/12/2022	Aprobación conta xustificativa, toma de razón en contabilidade de cumprimento da finalidade da axuda concedida para o



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



		financiamento de actuacións en materia de biorresiduos de competencia municipal, cofinanciada polo Mecanismo de Recuperación y Resiliencia da UE (Anualidade 2022)
956	27/12/2022	Devolución de cantidade en exceso cobrada en concepto de factura por abastecemento de auga do 3º trimestre
957	27/12/2022	Inicio expediente para a contratación do Programa de Voluntariado –Talento Interxeracional: Deseño e proxecto de diagnóstico (Exp. 2022/C002/000039)
958	27/12/2022	Inicio expediente para a contratación do Programa de Voluntariado –Talento Interxeracional: Formación e capacitación (Exp. 2022/C002/000040)
959	27/12/2022	Inicio expediente para a contratación do Programa de Voluntariado –Talento Interxeracional: Campaña de Comunicación (Exp. 2022/C002/000041)
960	27/12/2022	Inicio expediente para a contratación do Programa de Voluntariado –Talento Interxeracional: Material funxible (Exp. 2022/C002/000042)
961	26/12/2022	Aprobación xustificantes de gastos vinculados a prestacións varias incluídas na relación de facturas F.2022.42 por importe de 119.626,87 euros
962	26/12/2022	Altas no padrón municipal de habitantes
963	26/12/2022	Cambio de domicilio no padrón municipal de habitantes
964	26/12/2022	Altas no padrón municipal de habitantes
965	26/12/2022	Altas no padrón municipal de habitantes
966	27/12/2022	Altas no padrón municipal de habitantes
967	27/12/2022	Altas no padrón municipal de habitantes
968	27/12/2022	Altas no padrón municipal de habitantes
969	27/12/2022	Altas no padrón municipal de habitantes
970	27/12/2022	Aprobación expediente modificación de créditos núm. 26/22 (Transferencias entre aplicacións orzamentarias pertencentes á mesma área de gasto)
971	27/12/2022	Aprobación e pagamento das nóminas por atrasos do 1,5% ao persoal non activo
972	28/12/2022	Adxudicación contrato do Programa de Voluntariado –Talento Interxeracional: Deseño e proxecto de diagnóstico (Exp. 2022/C002/000039)
973	28/12/2022	Adxudicación do contrato do Programa de Voluntariado – Talento Interxeracional: Formación e capacitación (Exp. 2022/C002/000040)
974	28/12/2022	Adxudicación contrato do Programa de Voluntariado –Talento Interxeracional: Campaña de Comunicación (Exp. 2022/C002/000041)
975	28/12/2022	Adxudicación contrato do Programa de Voluntariado –Talento Interxeracional: Material funxible (Exp. 2022/C002/000042)
976	28/12/2022	Prórroga contrato de traballo de dona Rosario Canicoba Castro como técnica de turismo e servizos dende o 01/01/2023
977	28/12/2022	Alta no servizo de abastecemento de auga da vivenda núm. 8 de Laraño – San Xíán de Sales
978	28/12/2022	Alta no servizo de abastecemento de auga da vivenda núm. 39 de Quintáns – San Xíán de Sales
979	28/12/2022	Alta no servizo de abastecemento de auga da vivenda núm. 15 de Quintáns – San Xíán de Sales
980	28/12/2022	Alta no servizo de abastecemento de auga da vivenda núm. 16



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



		de Quintáns – San Xián de Sales
981	27/12/2022	Concesión subvención nominativa á Asociación Galega para axuda de enfermos con demencia tipo alzhéimer (AGADEA) prevista no orzamento de 2022.
982	28/12/2022	Aprobación xustificantes de gastos vinculados a prestacións varias incluídas na relación de facturas F.2022.40 por importe de 145.331,77 euros
983	29/12/2022	Aprobación xustificantes de gastos vinculados a pagamentos pendentes de aplicar no orzamento incluídos na relación de facturas F.2022.43 por importe de 5.244,29 euros
984	29/12/2022	Aprobación xustificantes de gastos vinculados a telefonía e internet incluídos na relación de facturas F.2022.44 por importe de 5.182,14 euros
985	29/12/2022	Altas no padrón municipal de habitantes
986	29/12/2022	Altas no padrón municipal de habitantes
987	29/12/2022	Aprobación xustificantes de gastos vinculados a prestacións varias incluídos na relación de facturas F.2022.47 por importe de 54.517,16 euros
988	29/12/2022	Aprobación xustificantes de gastos vinculados á subministración eléctrica incluídos na relación de facturas F.2022.48 por importe de 17.849,51 euros
989	29/12/2022	Aprobación xustificantes de gastos vinculados a Droguería – Ferretería El Sol, S.L incluídos na relación de facturas F.2022.45 por importe de 5.867,13 euros
990	29/12/2022	Aprobación xustificantes de gastos vinculados a prestacións varias incluídos na relación de facturas F.2022.49 por importe de 10.506,81 euros
991	29/12/2022	Altas no padrón municipal de habitantes
992	29/12/2022	Altas no padrón municipal de habitantes
993	29/12/2022	Altas no padrón municipal de habitantes
994	29/12/2022	Aprobación certificación núm. 4 da obra de <i>Saneamento en Santa Cruz (POS + Adicional 1/2022)</i> e factura correspondente da empresa adjudicataria, Obras y Viales de Galicia, .SL, por importe de 13.971,34 euros
995	29/12/2022	Aboamento custo do persoal do CIM
996	29/12/2022	Altas no padrón municipal de habitantes
997	29/12/2022	Altas no padrón municipal de habitantes
998	29/12/2022	Altas no padrón municipal de habitantes
999	29/12/2022	Altas no padrón municipal de habitantes
1000	29/12/2022	Altas no padrón municipal de habitantes
1001	29/12/2022	Aprobación expediente modificación de créditos núm. 27/22 (Xeración vinculada á subvención para o proxecto de voluntariado Talento Interxeneracional)
1002	30/12/2022	Altas no padrón municipal de habitantes
1003	30/12/2022	Altas no padrón municipal de habitantes
1004	30/12/2022	Altas no padrón municipal de habitantes
1005	30/12/2022	Altas no padrón municipal de habitantes
1006	30/12/2022	Altas no padrón municipal de habitantes
1007	30/12/2022	Altas no padrón municipal de habitantes
1008	30/12/2022	Altas no padrón municipal de habitantes
1009	30/12/2022	Altas no padrón municipal de habitantes
1010	30/12/2022	Altas no padrón municipal de habitantes



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.gal



1011	30/12/2022	Altas no padrón municipal de habitantes
1012	30/12/2022	Altas no padrón municipal de habitantes
1013	30/12/2022	Altas no padrón municipal de habitantes
1014	30/12/2022	Altas no padrón municipal de habitantes
1015	30/12/2022	Altas no padrón municipal de habitantes
1016	30/12/2022	Altas no padrón municipal de habitantes
1017	30/12/2022	Altas no padrón municipal de habitantes
1018	30/12/2022	Altas no padrón municipal de habitantes

A Xunta de Goberno dáse por informada.

Conclúe ao fío das vinte e dúas horas.



ANEXO I

BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES LEVADAS A CABO POR ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO NO TERMO MUNICIPAL DE VEDRA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

Estas bases teñen por obxecto establecer os criterios e procedemento para a concesión de subvencións no ámbito do Concello de Vedra, de acordo cos principios de obxectividade, igualdade, concorrència e publicidade, para a realización de actividades con finalidade cultural que complementen ou suplan os atribuídos á competencia municipal ou que, en xeral, contribúan ao fomento dos intereses do municipio conforme ao disposto na Lei 7/1985, de bases de réxime local, na Lei 5/1997, da administración local de Galicia, na Lei 38/2003, xeral de subvencións e no Real Decreto 887/2006 polo que se aproba o seu regulamento, na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei, así como no Regulamento de servizos das corporacións locais, coa finalidade de poder asignar os recursos necesarios ás prioridades sinaladas.

Esta convocatoria ten por obxecto establecer os criterios e procedementos para a concesión de subvencións. A través da presente convocatoria, o Concello de Vedra propónse a consecución dos seguintes obxectivos:

1.- OBXECTO E FINALIDADE.

A presente convocatoria pública de subvencións terá como finalidade apoiar, colaborar e impulsar o desenvolvemento de proxectos e actividades levadas a cabo polas entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vedra, co obxectivo de promover e dinamizar a participación activa da veciñanza no tecido asociativo como xerador de sinerxías que contribúan á mellora da calidade de vida.

2.- REQUISITOS DAS ENTIDADES BENEFICIARIAS .

Poderán solicitar as subvencións reguladas na presente convocatoria as entidades asociativas sen ánimo de lucro, que figuren inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Vedra á data de presentación da solicitude, que teñan a súa sede social no termo municipal de Vedra, que posúan a capacidade para levar a cabo as actividades obxecto de subvención e as ANPAS dos centros educativos do Concello de Vedra. Tamén é requisito para ser beneficiario desta convocatoria non estar incurso en ningunha das prohibicións establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

3.- CONTÍA DAS AXUDAS E DISPOÑIBILIDADE ORZAMENTARIA.

A contía da presente convocatoria ascende a 12.000 euros, con cargo á partida correspondente ao orzamento do ano que corre para as actividades culturais. O importe máximo a percibir por cada entidade non poderá superar os 2.000 euros.

4.- ACTIVIDADES OBXECTO DE SUBVENCIÓN E NON OBXECTO DE SUBVENCIÓN.

*** Considéranse actividades obxecto de subvención as seguintes:**

- Actividades culturais en calquera dos seus ámbitos (teatro, cine, danza, música, canto coral e/ou calquera outra iniciativa artística).
- Actividades para a recuperación e a difusión do patrimonio cultural, etnográfico e histórico.



- Actividades formativas.
- Actividades de lecer e do tempo libre.
- Actividades relacionadas coa creación de espazos para a comunicación e coas novas tecnoloxías.
- Actividades que contribúan á conservación do ambiente e á posta en valor do patrimonio natural.
- Actividades que promovan a igualdade de xénero.
- Actividades de cara á educación para a saúde e hábitos de vida saudables.
- Actividades para a conciliación da vida laboral e familiar.
- Actividades de integración de colectivos en risco de exclusión social.
- Actividades para a participación social.
- Actividades de promoción económica e desenvolvemento local.
- Actividades que favorezan o emprendemento e o emprego.
- Outras actividades de interese municipal que se axusten ao obxecto da convocatoria.

*** Serán actividades non obxecto de subvención as seguintes:**

- Aquelas actividades que non se axusten ao obxecto e/ou á finalidade da presente convocatoria.
- Aquelas actividades que teñan como único ou principal obxectivo a celebración de festexos e/ou comidas parroquiais.
- Non se subvencionarán tampouco as viaxes que non se axusten ao cumprimento dos obxectivos da convocatoria.
- Non se subvencionarán as actividades deportivas.

5.- GASTOS OBXECTO DE SUBVENCIÓN E NON OBXECTO DE SUBVENCIÓN

*** Serán gastos obxecto de subvención os seguintes:**

- Todos aqueles que xustifiquen o obxecto e a finalidade do proxecto.
- Os gastos a subvencionar serán os que se sinalen pola asociación no momento da solicitude dentro do proxecto e para os que se concede a subvención, sen posibilidade de xustificar outros diferentes aos presentados.

*** Non serán gastos obxecto de subvención os seguintes:**

- Os gastos de mantemento ordinario, de funcionamento das mesmas, neste caso non se admitirán como xustificación facturas de material de oficina, consumo de teléfono, luz, combustible ou calquera outro similar.
- Inversións ou equipamentos das Asociacións.
- Os gastos non directamente vinculados ás actividades realizadas, ou que non pertencen á natureza propia desa actividade.

6.- COMPATIBILIDADE DESTA CONVOCATORIA CON OUTRAS AXUDAS.

As achegas concedidas ao abeiro desta convocatoria son compatibles con outras que puideran obter as entidades beneficiarias doutras institucións públicas ou privadas, sempre e cando o importe total do conxunto das mesmas non supere o custe da actividade ou o investimento subvencionado. Sen prexuízo do anterior, as asociacións que soliciten esta achega non poderán acollerse a outras axudas económicas do Concello de Vedra (convenios, acordos, etc,...)

7.- CRITERIOS DE VALORACIÓN.

A comisión avaliadora desta convocatoria de axudas procederá á proposta das axudas e subvencións, logo dos informes que se consideren precisos, e segundo os criterios que de seguido se sinalan:



- Características do proxecto: ámbito de aplicación, sector ou número de poboación beneficiaria, o interese da proposta e a incorporación na mesma de actividades innovadoras. Ata 60 puntos.
 - Porcentaxe de cofinanciamento da actividade por medio de achegas económicas das entidades e patrocinios. Ata 10 puntos.
- Segundo o seguinte criterio:
- Autofinanciamento menor do 50% : 0 puntos
 - Autofinanciamento do 50 ao 70%: 5 puntos
 - Autofinanciamento maior do 70 %: 10 puntos
- Traxectoria e continuidade da proposta. Ata 15 puntos.
- Número de persoas asociadas activas da entidade. Ata 5 puntos.
 - A promoción e uso do galego no desenvolvemento das actividades. Ata 5 puntos.
 - A promoción de accións que fomenten a igualdade de oportunidades e que inclúan a perspectiva de xénero. Ata 5 puntos

8.- FORMA E PRAZOS DAS SOLICITUDES DE AXUDA.

FORMA: As solicitudes de subvención presentaranse electronicamente mediante instancia xeral na sede electrónica do Concello de Vedra, de conformidade co disposto no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas que dispón a obriga das persoas xurídicas de relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas.

Será imprescindible presentar:

- a) **ANEXO I.** Solicitud de subvención cuberta.
- b) **ANEXO II.** Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das causas que determina o artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e, que polo tanto, cumpre todos e cada un dos requisitos que están vixentes para obter a condición de beneficiaria, e tamén declaración das axudas solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- c) **ANEXO III.** Certificado da composición da Xunta Directiva da Asociación expedido polo secretario ou secretaria da mesma e do número de persoas asociadas da entidade.
- d) **ANEXO IV.** Proxecto detallado da actividade a realizar, incluíndo o tempo previsto para a súa realización, a duración da mesma, os obxectivos da actividade, a poboación destinataria e o persoal que se require para levar a cabo o proxecto. Orzamento detallado dos gastos ocasionados pola/s actividade/s para a/as que solicita a subvención e dos ingresos previstos para o seu financiamento.
- e) Certificación bancaria a nome da asociación co IBAN completo, de conformidade coa normativa SEPA. **Non obrigatorio se foi presentado en convocatorias anteriores e non sufriu cambio.**
- f) Copia do DNI da representación legal da asociación. **Non obrigatorio se foi presentado en convocatorias anteriores e non sufriu cambio.**
- g) Copia do CIF da asociación. **Non obrigatorio se foi presentado en convocatorias anteriores e non sufriu cambio.**

PRAZOS: As actividades recollidas no proxecto presentado nesta convocatoria pertencerán ao período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do ano que corre. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes a contar dende o seguinte á publicación oficial do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, segundo a LXS (artigos 17.3.b), 18 e 20.8 en relación coa Base de Datos Nacional de Subvencións (Resolución IGAE do 7, 9 e 10 de decembro de 2015).



A mera presentación da solicitude suporá que o solicitante coñece e acepta as presentes bases de convocatoria.

9.- EMENDA DE SOLICITUDES.

De acordo co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, para aquelas solicitudes que non estean correctamente cubertas ou non acheguen os documentos preceptivos, o concello requirirá á entidade interesada para que, nun prazo de dez días, emende as faltas ou remita os documentos preceptivos. De non facelo, considerárase que desistiu da súa petición e arquivárase o expediente nos termos previstos na citada lei.

10.- PROCEDIMIENTO DE CONCESIÓN.

O procedemento será instruído polo Concelleiro de cultura deste concello, ou na súa ausencia o empregado público que a Alcaldía propuxese, que realizarán de oficio cantas actuacións estimen necesarias para o coñecemento e comprobación dos datos así coma os requirimentos de emenda de deficiencias da documentación.

Recibidas as solicitudes procederase á súa tramitación unha vez comprobado que as entidades solicitantes cumpren os requisitos esixidos nestas bases e que se achega a documentación requirida.

Avaliadas as solicitudes, segundo os criterios regulados na base 6 os expedientes serán elevados á Comisión de Valoración, que estará constituída por:

- Presidente: O Alcalde do concello de Vedra ou concelleiro/a en quen delegue.
- Secretario: O Secretario - interventor do concello de Vedra ou funcionario/a en quen delegue. Vogal: O/A Concelleiro/a de cultura do concello de Vedra, ou persoa en quen delegue.
- Vogais: Persoal técnico do Departamento de cultura do concello de Vedra.
- Vogal: Un representante político da oposición (a determinar).
- A Comisión de Valoración examinará cada unha das solicitudes presentadas, e aplicará os criterios de outorgamento aprobados nas presentes bases, a fin de establecer unha relación entre as mesmas e formular a correspondente proposta de adxudicación a prol daquelas que obtivesen maior valoración.

A contía que se outorgará á entidade beneficiaria será directamente proporcional á puntuación obtida, sen que en ningún caso se poida superar o límite máximo establecido dispoñible.

A proposta de adxudicación deberá expresar a relación de solicitantes para os que se propón a concesión da subvención, a súa contía individual, así como a puntuación obtida por cada un, por aplicación dos criterios de valoración.

O órgano municipal competente para a concesión das subvencións é a Xunta de Goberno Local, que analizará a proposta da comisión de subvencións e resolverá xustificadamente.

O acordo de concesión non terá obrigatoriamente que distribuír a totalidade do crédito.

11. NOTIFICACIÓN E PUBLICIDADE DA RESOLUCIÓN.

O prazo máximo para resolver e notificar o procedemento será de tres meses contados a partir do día seguinte ao de finalización do prazo para a presentación de solicitudes.

A notificación da resolución realizarase de acordo co previsto os artigos 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.



Contra o acordo de resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes dende o día seguinte ao da súa notificación de acordo co establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A publicación destas bases realizarase no taboleiro de anuncios do concello de Vedra, na páxina web do concello: www.concellodevedra.com e no Boletín Oficial da Provincia.

As axudas que se concedan a través deste programa unha vez resoltas, publicaranse no taboleiro de anuncios da Casa do concello e na páxina web, con expresión do CIF das entidades solicitantes e a resolución da mesma, concedida ou denegada e o importe.

12.- OBRIGAS DAS ENTIDADES BENEFICIARIAS.

A. Cumprir todas as estipulacións nestas bases e no marco xurídico definido na Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións.

B. Realizar as actividades que fundamentaron a concesión da subvención e acreditar a súa realización no termo municipal de Vedra.

C. Destinar a subvención exclusivamente aos fins para os que foi concedida, quedando expresamente prohibida calquera alteración de destino non autorizada polo concello.

D. Asumir as responsabilidades que poidan derivarse da realización dos programas e actividades (sendo obrigatorio a concertación dun seguro de responsabilidade civil no seu caso).

E. Comunicar calquera eventualidade, no momento en que se produza, na programación, desenvolvemento ou finalización da actividade subvencionada.

F. Someterse ao seguimento, control e comprobación de execución das actividades obxecto da subvención que estime procedente levar a cabo o concello, segundo o disposto no art. 46 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións.

G. Informar e dar publicidade ás actividades subvencionadas, facendo constar nun lugar destacado da publicidade das actividades e programas subvencionados a participación do concello, podendo consistir na inclusión da imaxe institucional da entidade, así como lendas relativas ao financiamento público en carteis, placas conmemorativas, materiais impresos, páxina web, medios electrónicos ou audiovisuais, ou ben en mencións realizadas en medios de comunicación.

13.- FORMA E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIÓNS.

FORMA: As xustificacións destas axudas deberán presentarse mediante instancia xeral na sede electrónica do concello de Vedra, de conformidade co disposto no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Coa instancia xeral deberá achegarse a seguinte documentación, de acordo co modelo oficial de xustificación de utilización obrigatoria, que se publicará no taboleiro de anuncios da Casa do concello e na páxina web:

· **ANEXO V.** Declaración complementaria do conxunto de axudas.

· **ANEXO VI.** Listaxe de facturas:

-Facturas orixinais (ou recibos con retención) polo importe subvencionado.

-As facturas deben corresponder á actividade obxecto de subvención e deberán emitirse a nome da Asociación, e cumprir os requisitos establecidos no Real Decreto 1619/2012 de 30 de novembro, polo que se regulan as obrigas de facturación.

Deberán conter como mínimo:

- Nome, razón social e NIF ou CIF de quen emite a factura.

- Desagregación do IVE ou imposto correspondente. No caso de exención, deberá facerse constar expresamente na factura.

- Nome, enderezo e NIF ou CIF do beneficiario da subvención.

- Descrición do servizo ou subministro prestado.



- Número de factura, data de emisión e denominación de “factura”.
- . **ANEXO VII.** Memoria xustificativa da subvención, asinada por un/unha representante da asociación.
 - Acreditación da publicidade do financiamento público da actividade subvencionada mediante a inclusión da imaxe institucional da entidade que concede a axuda, así como lendas relativas ao financiamento público en carteis, placas conmemorativas, materiais impresos, páxina web, medios electrónicos ou audiovisuais, ou ben en mencións realizadas en medios de comunicación.
- . **ANEXO VIII.** Declaración responsable da relación detallada de ingresos e gastos da actividade subvencionada.
 - Calquera outro que sexa solicitado polo concello.

**O importe dos gastos xustificados deberá acadar, como mínimo, a contía da subvención concedida.

**No caso de que a documentación xustificativa fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de dez días para a súa corrección.

**As subvencións non xustificadas nesa data entenderase formulada a renuncia ás mesmas.

**O pagamento das subvencións efectuarase nun prazo máximo dun mes dende a súa xustificación mediante transferencia bancaria.

14.- REINTEGRO DE SUBVENCIONES.

Procederá o reintegro, total ou parcial, da axuda percibida, xunto cos xuros de demora, nos casos indicados no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e especialmente no caso de que se detectase que o importe recibido non fose empregado no obxecto das actividades subvencionadas. No caso de xustificación ou incumprimento parcial só se esixirá o reintegro pola parte non xustificada. No caso de que o reintegro se esixa porque se percibiron outras subvencións que, en conxunto, superen o custo da actividade obxecto de concesión, procederá o reintegro só do exceso obtido. O interese de demora esixirase desde o momento do pago da subvención ata a data en que se acorde o reintegro da mesma. O interese de demora aplicable será o interese legal do diñeiro, vixente no momento do pago da subvención, incrementado nun 25 por cento, salvo que a Lei de Orzamentos do Estado de cada ano estableza outro diferente.

Están obrigados ao reintegro:

- a) As entidades solicitantes das subvencións.
- b) Os membros das persoas xurídicas ou das agrupacións de persoas físicas sen personalidade xurídica, que responderán solidariamente ás obrigacións de reintegro.
- c) Os representantes legais do beneficiario responderán solidariamente cando este careza de capacidade de obrar.

Ademais responderán subsidiariamente as persoas sinaladas no artigo 40.3 da Lei Xeneral de Subvencións 38/2003, do 17 de novembro.

15.- SEGUIMIENTO, CONTROL E INSPECCIÓN.

O concello de Vedra, polos medios que estime oportunos e conforme á Lei Xeral de Subvencións, comprobará a realización das actividades e o cumprimento dos requisitos e condicións baixo as cales se concedeu a axuda.

16. INTERPRETACIÓN.

Calquera dúbida que puidera xurdir en torno á interpretación destas bases será resolta pola comisión de valoración da mesma.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.gal



17. DISPOSICIÓN FINAL.

En todo o non previsto nestas bases, aplicarase o disposto nas Bases de execución do orzamento xeral do concello de Vedra para o ano 2017, e nas normas legais e regulamentarias de aplicación, Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no RD 887/2006 do 21 de xullo polo que se aproba o regulamento da Lei Xeral de subvencións Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.